



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Convenio Específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia para 2019

Doña Covadonga Toca Carús, secretaria xeral de emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria **DECLARA:**

Que esta secretaria xeral de emprego ten previsto formalizar con o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG, para abordar e executar o conxunto de iniciativas e actividades vinculadas ao fomento do emprendemento a través de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) a desenvolver polo CIXUG no ano 2019, para todas aquelas persoas interesadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Tratase dun convenio específico que regula a subvención nominativa cuxo obxecto é a colaboración entre a consellería de Economía, Emprego e industria e o consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de galicia para 2018 de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, se trata dunha subvención de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscripción dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de

Galicia toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, constitúese como axente necesario e imprescindible para desenvolver dito plan por diversos motivos:





En primeiro lugar, xustamente por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia o CIXUG convértese no axente educativo aglutinador de referencia en todo o territorio galego, facilitando o nexo entre este e, neste caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria no que á educación superior e políticas activas para o emprego se refire.

Adicionalmente, a través das facultades e departamentos das universidades que o integran, dispón dun amplo coñecemento sobre todos os aspectos relevantes a ter en conta para a formación e o impulso da iniciativa emprendedora de base tecnolóxica baseada en resultados de investigación, tanto desde a perspectiva das competencias técnicas como das necesarias competencias persoais que deben adquirir os novos profesionais que desenvolvan a súa actividade neste campo do emprendemento innovador.

E por último, a través do papel dos grupos de investigación dedicados ás materias incluídas, tense a seguridade de empregar e transmitir coñecementos permanentemente actualizados e adaptados ás novas tendencias no eido da atención ás persoas emprendedoras no ámbito universitario, asegurando a futura sostenibilidade da idea emprendedora e permanente evolución dos contidos de soporte, acorde á realidade de cada momento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xullo de 2019

